

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA

Orde do 23 de agosto de 2010 pola que se crea un rexistro auxiliar do rexistro xeral da Xunta de Galicia na Dirección Xeral de Administración Local.

O Decreto 164/2005, do 16 de xuño, polo que se regulan e determinan as oficinas de rexistro propias ou concertadas da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia, se crea o Rexistro Telemático da Xunta de Galicia e se regula a atención ao cidadán, dispón no seu artigo 4º a posibilidade de establecemento de rexistros auxiliares cando o volume ou natureza das actividades o aconsellen.

A creación dos rexistros auxiliares farase por orde conxunta da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza e a consellería correspondente.

A Dirección Xeral de Administración Local, dependente da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, está na praza Europa no polígono das Fontiñas. O progresivo incremento de actividade e o volume de entradas e saídas da citada dirección xeral aconsella a creación dun rexistro de entrada e saída conectados á rede privada de voz e datos da Xunta de Galicia, de conformidade co disposto no artigo 4.2º do Decreto 164/2005.

En consecuencia co anteriormente exposto, a Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza

DISPÓN:

Artigo 1º.-Obxecto.

O obxecto desta orde é a creación dun rexistro auxiliar de entrada e saída do rexistro xeral da Xunta de Galicia na Dirección Xeral de Administración Local da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, que estará situado na praza Europa, 5A, 4º do polígono das Fontiñas.

Artigo 2º.-Normativa aplicable.

O rexistro auxiliar creado por esta orde rexerese polas disposicións contidas no Decreto 164/2005, do 16 de xuño, e estará conectado á rede privada de voz e datos da Xunta de Galicia (SXPA).

Disposicións derradeiras

Primeira.-O establecido nesta orde non suporá incremento de gasto.

Segunda.-O rexistro auxiliar creado por esta orde comezará a súa actividade o mesmo día de entrada en vigor desta orde.

Terceira.-Esta orde entrará en vigor o mesmo día da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 23 de agosto de 2010.

Alfonso Rueda Valenzuela

Conselleiro de Presidencia, Administracións
Públicas e Xustiza

Resolución do 27 de agosto de 2010, da Secretaría Xeral da Igualdade, pola que se establecen as bases e se convocan axudas para a realización, polas asociacións de nais e pais do alumnado, nos centros educativos de Galicia sostidos con fondos públicos, de programas de actividades complementarias e extraescolares que teñan como fin facilitar a conciliación da vida familiar e laboral.

A crecente incorporación das mulleres ao mercado de traballo sitúa a cuestión da conciliación da vida familiar e laboral nun primeiro plano. É un feito indubidable que a dita incorporación supuxo unha transformación non só laboral senón tamén social provocando, así mesmo, modificacións nos valores culturais dominantes respecto ao papel da familia, da maternidade e á repartición de roles entre mulleres e homes.

A necesidade de conciliar a vida familiar e laboral leva consigo, ademais dos cambios necesarios no ámbito lexislativo, a obriga de promover servizos e recursos complementarios facilitadores da conciliación como son os servizos de atención a menores que permitan adecuar os horarios escolares dos menores cos horarios laborais das súas familias, e os poderes públicos deben ter un papel importante na potenciación de programas e accións facilitadores da conciliación.

Tal e como se recolle no Programa operativo Fondo Social Europeo Galicia 2007-2013, a situación laboral das mulleres en Galicia segue estando por debaixo dos estándares europeos e, aínda que a súa taxa de actividade sexa superior á media nacional, a súa taxa de desemprego continúa sendo das máis altas de España. Así mesmo, as diferenzas salariais e as dificultades das mulleres para conciliar a vida laboral e familiar serán aspectos prioritarios que deberán ser abordados á hora de reducir a discriminación por razóns de xénero no mercado laboral, e para o cal se prevén no eixe 2 do dito programa operativo medidas para mellorar o acceso das mulleres ao mercado laboral, así como a participación e os progresos permanentes da muller no dito mercado, co fin de reducir a segregación sexista en materia de emprego e reconciliar a vida laboral e privada, por exemplo facilitando o acceso aos servizos de coidado e atención de nenos e nenas. Estas medidas comprenderán dúas liñas de acción: favorecer a conciliación entre a vida persoal e laboral e impulsar a igualdade de oportunidades entre mulleres e homes.

De conformidade co Decreto 325/2009, do 18 de xuño, polo que se establece a estrutura orgánica dos órganos superiores dependentes da Presidencia da Xunta de Galicia, correspóndenlle á Secretaría Xeral da Igualdade, como órgano superior da Administración autonómica en materia de igualdade, entre outras, as funcións de planificar, deseñar, coordinar e avaliar a xestión das políticas da Xunta de Galicia en materia de promoción da corresponsabilidade entre mulleres e homes no eido persoal, familiar e laboral, así como tamén propor medidas, programas e normas dirixidas á promoción do exercicio efectivo dos dereitos das mulleres, a incremen-

tar a súa participación na vida económica, laboral, política, social e cultural e a eliminar as discriminacións existentes entre sexos.

Con base nas ditas competencias, a Secretaría Xeral da Igualdade considera necesario favorecer e impulsar a conciliación do traballo e da vida familiar de mulleres e homes adoptando medidas que a faciliten, polo que se considera oportuno realizar unha convocatoria de axudas destinadas á realización polas asociacións de nais e pais do alumnado de programas de actividades complementarias e extraescolares nos centros educativos públicos de educación infantil e primaria de Galicia que teñan como fin facilitar a conciliación da vida familiar e laboral.

Esta convocatoria de axudas está cofinanciada polo Fondo Social Europeo a través do Programa operativo do Fondo Social Europeo de Galicia 2007-2013, eixe 2-tema prioritario 69, respondendo así estas axudas aos obxectivos de fomentar a empregabilidade, a inclusión social e a igualdade entre mulleres e homes, e cumprindo coa función que no Regulamento (CE) 1081/2006, do Parlamento Europeo e do Consello, do 5 de xullo, relativo ao Fondo Social Europeo, establece no seu artigo 2, de contribuír a executar as prioridades da comunidade no que atinxe ao fortalecemento da cohesión económica e social e apoiar as políticas dos Estados membros destinadas, entre outras cousas, a promover a inclusión social, en particular, o acceso das persoas desfavorecidas ao emprego. No desenvolvemento desta función, o FSE apoiará accións destinadas a mellorar o acceso ao emprego, incrementar a participación duradeira e promover o avance das mulleres no emprego, e tamén apoiará medidas orientadas a potenciar a inclusión das persoas desfavorecidas con vistas á súa inserción laboral.

As subvencións concedidas a través desta resolución axustaranse ás normas sobre elegibilidade aplicables ás axudas financeiras con fondos comunitarios e, en particular, ao disposto no Regulamento (CE) 1828/2006 da Comisión do 8 de decembro de 2006, que fixa normas de desenvolvemento para o Regulamento (CE) 1083/2006 do Consello do 11 de xullo, polo que se establecen as disposicións xerais relativas ao Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, ao Fondo Social Europeo e ao Fondo de Cohesión, no Regulamento (CE) 1080/2006, do Parlamento Europeo e do Consello, relativo ao Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (DOUE L 45, 15-2-2007) e mais na Orde TIN/2965/2008, do 14 de outubro, pola que se determinan os gastos subvencionables polo Fondo Social Europeo durante o período de programación 2007-2013 e a Orde TIN/788/2009 que a modifica.

Así mesmo, esta resolución axústase ao disposto na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da Lei 9/2007 e, así mesmo, adáptase ao disposto na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, tendo en conta, en todo caso, os principios de publicidade, transparencia, concorrencia, obxectividade, igualdade, non discriminación, eficacia no cumprimento dos obxec-

tivos fixados pola Administración da Xunta de Galicia e eficiencia na asignación e na utilización dos recursos públicos, e os demais requisitos exixidos na Lei 9/2009, do 23 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2010, existindo crédito axeitado e suficiente para o financiamento do gasto que se proxecta.

A disposición adicional segunda do Decreto 325/2009, do 18 de xuño, de estrutura orgánica dos órganos superiores dependentes da Presidencia da Xunta de Galicia desconcentra nas secretarías xerais dependentes da Presidencia a competencia para a aprobación das bases, a convocatoria e a resolución das axudas e subvencións do seu respectivo ámbito de competencia.

Na súa virtude e no uso das atribucións que me foron conferidas,

DISPOÑO:

Artigo 1º.-*Obxecto.*

1. É obxecto desta resolución a convocatoria de axudas destinadas ás asociacións de nais e pais de alumnos/as legalmente constituídas, dos centros educativos sostidos con fondos públicos da Comunidade Autónoma de Galicia, para a realización de programas de actividades extraescolares e complementarias dirixidas ao alumnado de educación infantil e primaria, que teñan como fin contribuír á conciliación da vida familiar e laboral, durante o período comprendido entre o 1 de setembro de 2010 e o 30 de xuño de 2011.

2. O outorgamento das axudas a que se refire esta convocatoria realizarase en réxime de concorrencia competitiva baixo os principios de publicidade, transparencia, obxectividade, igualdade e non discriminación.

Artigo 2º.-*Entidades solicitantes.*

1. Poderán concorrer a esta convocatoria de subvencións as asociacións de nais e pais de alumnos/as dos centros educativos sostidos con fondos públicos que, con anterioridade ao remate do prazo de presentación de solicitudes, estean legalmente constituídas e inscritas no censo da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.

2. Non poderán obter a condición de beneficiarias as entidades en que concorran algunha das circunstancias reguladas no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Artigo 3º.-*Accións subvencionables.*

1. Poderán ser obxecto de subvención ao abeiro desta convocatoria a organización e xestión da realización de actividades extraescolares dirixidas ao alumnado de educación infantil e primaria. Estas actividades deberán cumprir os seguintes requisitos:

a) Deberán dirixirse obrigatoriamente a un mínimo de 10 alumnas/os, agás naqueles casos debidamente xustificadas nos que polas características do contexto ou do centro docente sexa imposible acadar o mínimo establecido.

b) Desenvolverse, fóra do horario lectivo, durante o curso escolar e nas dependencias do centro, entre un mínimo dunha hora e un máximo de dúas horas diarias.

c) Deberán fomentar o desenvolvemento integral das persoas e a igualdade entre os xéneros feminino e masculino.

d) Centraranse, fundamentalmente, en aspectos lúdicos, artísticos, culturais (teatro, danza, música, pintura, etc.), tecnolóxicas, e deportivas.

2. Queda expresamente excluído desta convocatoria a prestación do servizo de comedor.

Artigo 4º.-Financiamento.

1. As axudas obxecto desta convocatoria financiaranse con cargo á aplicación orzamentaria 04.40.312 G.481.0 (código proxecto 2010 00124) por un importe total máximo de trescentos mil euros (300.000 euros), dos que o Fondo Social Europeo achega o 80% e a Secretaría Xeral da Igualdade o 20%, de acordo coa seguinte distribución:

-Ano 2010: 100.000 euros.

-Ano 2011: 200.000 euros.

A asignación do gasto queda condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente para o seu financiamento, podendo, por outra banda, a cantidade citada ser incrementada de acordo coas disponibilidades orzamentarias e sempre que o incremento derivase dos supostos establecidos no artigo 31.2º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

2. O crédito asignado será obxecto de desconcentración nos departamentos territoriais da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza de xeito proporcional ao número de instancias presentadas en cada provincia.

3. A percepción destas axudas é compatible con outras subvencións, axudas e ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera outra administración ou ente público ou privado. Non obstante, os gastos financiados ao abeiro desta resolución non poderán acollerse a outras axudas procedentes do Fondo Social Europeo ou doutros fondos ou instrumentos financeiros comunitarios.

O importe da subvención concedida non poderá, en ningún caso, en concorrencia con outras subvencións ou axudas, superar o custo da actividade que vai desenvolver a entidade solicitante.

4. As axudas sufragarán ata un máximo do 50% do custo da actividade, sen que en ningún caso se poida superar a contía de 6.000 euros por entidade. Para iso terase en conta o orzamento que a entidade solicitante debe achegar no momento de presentar a súa solicitude, que deberá axustarse ao modelo incorporado como anexo I.

5. No caso de entidades solicitantes que sexan perceptoras doutras axudas para o mesmo fin concedidas por outra entidade deberán acreditar documentalmente a súa natureza e contía e percibirán, se

é o caso, a axuda cos límites establecidos no artigo 4º.4 desta resolución.

Artigo 5º.-Gastos subvencionables.

1. Serán gastos subvencionables os gastos ocasionados polo desenvolvemento das actividades extraescolares que a continuación se relacionan, tendo en conta o establecido nas normas sobre elexibilidade aplicables ás axudas cofinanciadas polo Fondo Social Europeo, e en especial o artigo 11 do Regulamento 1081/2006, do Parlamento e do Consello do 5 de xullo de 2006, relativa ao Fondo Social Europeo:

a) Gastos do persoal necesario para a execución das accións: serán subvencionables as retribucións totais correspondentes, incluída a cotización empresarial á Seguridade Social, segundo a contía establecida na normativa aplicable por xornada real de traballo para os correspondentes grupos profesionais nos seus respectivos convenios colectivos.

b) Gastos de seguros de accidentes e pólizas de responsabilidade civil, se é o caso.

c) Gastos de medios e materiais funxibles necesarios para o desenvolvemento das accións.

2. Consideraranse gastos subvencionables aqueles que, de xeito indubidable, respondan á natureza da actividade subvencionada e que fosen realizados e efectivamente pagados entre o 1 de setembro e o 31 de decembro de 2010 respecto da primeira anualidade. Respecto á segunda anualidade, terán tal consideración os realizados entre o 1 de xaneiro e o 30 de xuño de 2011 e que fosen efectivamente pagados dentro do prazo de xustificación indicado no artigo 14º.4 desta resolución.

3. No caso de que se solicite a subvención para conceptos que non se dedican de modo exclusivo á actividade para a cal se solicita a axuda, a entidade solicitante indicará que porcentaxe se asigna á actuación para a que se solicita a subvención.

4. Non se subvencionarán gastos de investimento en infraestruturas, equipamento (informático, audiovisual, etc.), nin tampouco gastos xerais de funcionamento das entidades solicitantes.

5. Os gastos subvencionados por esta convocatoria deberán adecuarse aos obxectivos da acción subvencionada e deberá existir constancia documental da súa realización, de xeito que se poidan verificar.

6. As dúbidas e controversias en relación coa elexibilidade dos gastos serán resoltas pola Secretaría Xeral da Igualdade, por propia iniciativa ou por petición de calquera das entidades beneficiarias.

Artigo 6º.-Subcontratación das actividades subvencionadas.

1. Para os efectos previstos nesta convocatoria está permitida a subcontratación total ou parcial da actividade, entendendo por esta a concertación con terceiras persoas da execución total ou parcial da actividade que constitúe o obxecto da subvención.

2. Cando a actividade concertada con terceiras persoas exceda o 20% do importe da subvención e o dito importe sexa superior a 60.000 euros, a subcon-

tratación estará sometida ao cumprimento dos requisitos establecidos no artigo 27.3º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

3. Todo procedemento de contratación deberá respectar os principios de transparencia, publicidade e libre concorrència, estando as persoas subcontratistas obrigadas a facilitar aos organismos de auditoría e control toda a información necesaria relativa ás actuacións subcontratadas. En especial, e segundo o artigo 29.3º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, cando o importe do gasto que se vai subcontratar supere a contía de 12.000 euros no suposto de prestación de servizos por empresas de consultoría ou asistencia técnica, a entidade beneficiaria deberá solicitar, como mínimo, 3 ofertas de diferentes provedores, con carácter previo á contratación do compromiso para a prestación do servizo, agás no caso de que polas especiais características dos gastos non exista no mercado suficiente número de entidades ou que os gastos se realizasen con anterioridade á solicitude da subvención. A elección entre as ofertas presentadas achegarase na xustificación ou, de ser o caso, na solicitude de subvención e realizarase de conformidade cos criterios de eficiencia e economía. Este extremo deberá xustificarse expresamente nunha memoria se a elección non recae na proposta económica máis ventaxosa.

4. Ademais do disposto anteriormente, as entidades beneficiarias deberán cumprir coas previsións e obrigas sinaladas no artigo 27 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Artigo 7º.-Solicitudes, prazo de presentación e documentación.

1. As entidades que desexen solicitar as axudas reguladas nesta resolución deberán dirixir a súa solicitude, segundo o modelo que se publica como anexo I e xunto coa documentación necesaria, ao/á xefe/a do departamento territorial da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza competente en función da provincia na que a asociación teña establecida a súa sede social, a través de calquera dos medios previstos no artigo 38.4º da Lei 30/1992, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, modificada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro, entre as que se inclúen os rexistros dos concellos que teñan suscrito o convenio de colaboración para a implantación dun sistema intercomunicador do rexistro coa Administración da Comunidade Autónoma de Galicia. O modelo de solicitude, anexo I, poderá obterse a través da páxina web da Secretaría Xeral da Igualdade.

2. A solicitude será suscrita pola persoa representante legal da entidade.

3. O prazo para a presentación de solicitudes será dun mes contado a partir do día seguinte ao da publicación desta resolución no *Diario Oficial de Galicia*.

Entenderase como último día do prazo o correspondente ao mesmo ordinal do día da publicación. Se o último día de prazo fose inhábil, entenderase

prorrogado ao primeiro día hábil seguinte e, se no mes do vencemento non houberse día equivalente ao inicial do cómputo, entenderase que o prazo expira o último do mes.

4. Xunto coa solicitude, anexo I, presentarase a seguinte documentación, que será imprescindible para a valoración da solicitude:

- a) Fotocopia do CIF da entidade.
- b) Fotocopia compulsada dos estatutos da entidade debidamente dilixenciados.
- c) Documentación acreditativa da representatividade suficiente para asinar a solicitude.
- d) Certificación orixinal da entidade bancaria, que acredite a existencia da conta bancaria a nome da entidade.
- e) Certificacións da/o secretaria/o da entidade solicitante, segundo modelo que se determina no anexo II.
- f) Certificado da dirección do centro educativo que acredite a súa conformidade para o desenvolvemento das actividades nas instalacións do centro.
- g) Documento acreditativo, se é o caso, das actuacións similares realizadas en anos anteriores.
- h) Memoria explicativa respecto da actividade solicitada segundo o modelo que se determina no anexo III.
- i) Declaración responsable de estar ao día das obrigas tributarias e coa Seguridade Social e de non ter pendente de pagamento ningunha débeda coa Administración pública da comunidade autónoma, de acordo co establecido no artigo 11 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia (anexo IV).

j) Compromiso de utilización de linguaxe non sexista en todas as actividades e materiais obxecto da subvención regulada nesta resolución, segundo o modelo que se determina (anexo IV).

k) Declaración voluntaria do compromiso de utilización da lingua galega en todas as relacións que a entidade manteña coa Administración autonómica así como nas actividades e materiais obxecto da subvención solicitada (anexo IV).

l) Declaración do conxunto de todas as solicitudes de axudas concedidas e/ou solicitadas para a mesma finalidade, procedentes das distintas administracións públicas ou doutros entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais; así como de non estar incurso en ningunha das prohibicións para obter a condición de beneficiaria que establece o artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia (anexo V).

Artigo 8º.-Tramitación dos expedientes.

1. Os servizos de Igualdade dos departamentos territoriais da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza comprobarán que os expedientes reúnen todos os requisitos exixidos nesta resolución. En caso contrario, conforme o establecido

no artigo 71 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, requirirán a entidade solicitante para que nun prazo de dez días hábiles, contados a partir do día seguinte ao da recepción deste requirimento, emende a falta ou acompañe os documentos preceptivos, con indicación de que, de non facelo, se considerará desistida da súa solicitude, logo de resolución que deberá ser ditada nos termos previstos no artigo 42 da devandita lei.

Conforme o establecido no artigo 21 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, crearase en cada delegación unha comisión de valoración para estes efectos, a cal estará presidida pola/o xefa/e do Servizo de Igualdade da respectiva delegación e da que formarán parte ademais dúas/dous traballadoras/es designados polo/a respectivo/a xefe/a territorial. Actuará como secretaria/o unha/un dos/dastraballadores/as anteriormente mencionados. Se por calquera causa algunha das persoas que a compoñen non puidese asistir ás reunións, será substituída pola/o funcionaria/o que designe o órgano competente para o outorgamento da axuda.

2. A comisión de valoración, motivadamente, poderá requirir das entidades solicitantes das subvencións información ou documentación adicional, que non estando en poder da Administración, teña fundamental relevancia e unha relación directa para unha mellor avaliación das solicitudes.

Artigo 9º.-*Criterios de avaliación.*

1. Na valoración das solicitudes presentadas polas entidades peticionarias, que en todo caso deberán cumprir os requisitos establecidos no artigo 3º, teranse en conta os seguintes criterios, e de acordo coas ponderacións sinaladas a seguir:

a) Integración no proxecto, ademais do fomento efectivo da igualdade entre os xéneros, doutros valores que contribúan ao desenvolvemento integral da personalidade: ata 30 puntos segundo o seguinte desglose:

-Fomento da interculturalidade: ata 15 puntos.

-Fomento da integración das nenas e nenos con diversidade funcional: ata 15 puntos.

b) Número de alumnos/as que se benefician do programa: ata 20 puntos segundo a seguinte escala:

-Máis de 100 alumnas/os: 20 puntos.

-Entre 10 e 100 alumnas/os: proporcionalmente de 0 a 19 puntos.

c) Número de persoas asociadas: ata 15 puntos, que se distribuirán proporcionalmente segundo o número de persoas asociadas con respecto ao total de nais e pais ou titores/as legais de alumnos/as do centro.

d) Grao de consolidación e experiencia previa da entidade en actuacións similares: ata 10 puntos a razón de 2 puntos por curso.

e) Cofinanciamento por parte da entidade solicitante: ata 10 puntos, correspondendo 2 puntos por cada 10% de financiamento con recursos propios.

f) Amplitude do horario das actividades: ata 4 puntos.

-Unha hora: 2 puntos.

-Unha hora e media: 3 puntos.

-Dúas horas: 4 puntos.

g) Actividades complementarias e extraescolares que se desenvolvan en centros educativos situados en concellos onde a proporción de mulleres paradas con respecto aos homes parados nese concello sexa superior á proporción de mulleres paradas no conxunto da comunidade autónoma: 8 puntos. Estas porcentaxes calcularanse con bases nas medias do ano 2009, segundo os datos de paro rexistrado do Servizo Público de Emprego de Galicia.

h) Emprego da lingua galega: 3 puntos.

2. Para a aplicación dos criterios anteriores ás solicitudes presentadas por federacións ou confederacións de nais/pais de alumnos/as farase unha valoración global destas, de xeito que a puntuación final será o resultado de calcular a puntuación media entre as obtidas polos centros correspondentes.

3. No caso de que dúas ou máis solicitudes acaden idéntica puntuación, seguirase para o desempate a puntuación acadada en cada unha das epígrafes do baremo establecido no número 1 deste artigo segundo a orde na que aparecen publicados.

Artigo 10º.-*Resolución e notificación.*

1. Avaliadas as solicitudes segundo os criterios establecidos no artigo 9º, a comisión de valoración elevará unha proposta de resolución á/ao xefa/e do departamento territorial da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, en quen se delega a competencia para resolver a concesión ou denegación da axuda solicitada ao abeiro desta resolución de acordo co establecido nos Decretos 82/2009, do 21 de abril, polo que se establecen os centros directivos dependentes da Presidencia da Xunta de Galicia e Decreto 325/2009, do 18 de xuño, de estrutura orgánica dos órganos superiores dependentes da Presidencia da Xunta de Galicia.

2. A/o xefa/e do departamento territorial da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, resolverá dentro das disponibilidades orzamentarias sen que, en ningún caso, o importe total das axudas poida superar o límite establecido no artigo 4º desta resolución.

3. A resolución da subvención será notificada no prazo máximo de catro meses contados a partir do día seguinte ao da publicación desta resolución no *Diario Oficial de Galicia*. Se transcorrido o dito prazo non se notificasen as resolucións, as solicitudes entenderanse desestimadas.

Non obstante, e de conformidade co establecido no artigo 59.6º b) da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, a notificación individual poderá ser substituída pola publicación no *Diario Oficial de Galicia* e na páxina web da Secretaría Xeral da Igualdade, con indicación neste

caso da data da convocatoria, da entidade beneficiaria, da cantidade concedida e da finalidade da subvención outorgada. Así mesmo, relacionaranse as solicitudes desestimadas con expresión dos motivos da desestimación.

4. A contía da axuda determinarase sobre a base da puntuación asignada en función dos criterios de valoración establecidos no artigo 9º, e poderá alcanzar, como máximo, o 50% do total do orzamento presentado, sen que en ningún caso supere o límite máximo fixado no artigo 4º.

Artigo 11º.-Réxime de recursos.

As resolucións expresas ou presuntas dos expedientes tramitados ao abeiro do disposto nesta resolución esgotarán a vía administrativa e contra elas caberá interpoñer directamente recurso contencioso-administrativo perante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses contados desde o día seguinte ao da súa notificación, se é expresa, ou de seis meses contados a partir do día seguinte a aquel en que se produza o acto presunto.

Potestativamente, e con anterioridade á interposición do citado recurso contencioso-administrativo, poderase interpor recurso de reposición perante o mesmo órgano que ditou o acto administrativo, na forma e prazos establecidos na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, modificada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro, sen prexuízo da interposición de calquera outro recurso que se considere oportuno para a defensa dos dereitos e intereses das entidades solicitantes e outros posibles interesados.

Artigo 12º.-Aceptación da axuda.

Notificada a resolución definitiva polo órgano competente, as entidades interesadas propostas como beneficiarias disporán dun prazo de dez días para comunicar a súa renuncia expresa á subvención.

Transcorrido este prazo sen que se producise manifestación expresa, entenderase tacitamente aceptada.

Artigo 13º.-Obrigas das entidades beneficiarias.

As entidades beneficiarias das axudas obríganse a manter un sistema de contabilidade con codificación adecuada que permita identificar todas as transaccións realizadas relativas ás actividades subvencionadas e a conservar os xustificantes de ter percibido a axuda durante un período de tres anos a partir do peche do Programa operativo (ano 2018). Así mesmo, obríganse a observar o disposto no artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e especificamente ao seguinte:

1. Cumprir o obxectivo e executar as accións que fundamentan a concesión das subvencións.

2. Xustificar ante o órgano concedente o cumprimento dos requisitos e condicións, así como a realización da actividade e cumprimento da finalidade que determinen a concesión ou o gozo da subvención.

3. Someterse ás actuacións de comprobación que efectuará o órgano concedente, así como a calquera outra actuación, sexa de comprobación e control financeiro, que poidan realizar os órganos de control competentes, tanto autonómicos como estatais ou comunitarios, para o que se achegará canta información lle sexa requirida no exercicio das actuacións anteriores.

4. Comunicarlle ao órgano concedente a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien as actividades subvencionadas, así como a modificación das circunstancias que fundamentasen a concesión da subvención. Esta comunicación deberá efectuarse no momento no que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos.

5. Dispoñer dos libros contables, rexistros dilixenciados e demais documentos debidamente auditados co fin de garantir o axeitado exercicio das facultades de comprobación e control.

6. Conservar os documentos xustificativos da aplicación dos fondos recibidos, incluídos os documentos electrónicos, en canto poidan ser obxecto das actuacións de comprobación e control.

7. Proceder ao reintegro dos fondos percibidos nos supostos contemplados no artigo 33º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

8. Incorporar, de forma visible, no material que se utilice para a difusión do programa subvencionado, o logotipo do Fondo Social Europeo (FSE), o cal levará debaixo a seguinte inscrición: O Fondo Social Europeo inviste no teu futuro, e o logotipo da Xunta de Galicia. Así mesmo, e para calquera medio de difusión que se empregue, deberase cooidar a linguaxe, de xeito que se garanta a igualdade entre mulleres e homes.

Artigo 14º.-Xustificación e pagamento.

1. As entidades destinatarias das axudas, unha vez aceptada esta, quedarán obrigadas a destinar os fondos percibidos á finalidade concreta para a que foron concedidos. A Secretaría Xeral da Igualdade poderá comprobar, cando o considere conveniente, o cumprimento da finalidade da axuda.

2. De acordo co artigo 65.4º f) do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, quedan exoneradas de constituír garantía as entidades beneficiarias das subvencións reguladas na resolución.

3. Farase un primeiro pago do 33% da subvención concedida, en concepto de adianto, que se fará efectivo no momento da notificación da resolución. O 67% restante farase efectivo unha vez levadas a cabo as actuacións obxecto da subvención.

4. Para os efectos de xustificación, a entidade beneficiaria deberá presentar a seguinte documentación nos lugares sinalados no artigo 7º desta convocatoria, tendo como prazo máximo para presentala ata o 15 de setembro de 2011:

a) Unha relación dos gastos realizados, onde conste a natureza e o importe de cada un deles, coa identificación do acredor e do documento, data de emisión e data de pagamento, expedida pola secretaría

da entidade co visto e prace da súa presidencia, segundo o modelo que se achega como anexo VI.

b) As facturas orixinais ou documentos de valor probatorio equivalente dos gastos correspondentes. Estes documentos deberán estar emitidos conforme a normativa aplicable e acompañaranse dos xustificantes bancarios de pagamento e, de ser o caso, dos xustificantes de ter aboado as cotas, taxas ou impostos correspondentes. As entidades presentarán os orixinais para seren selados pola unidade tramitadora correspondente. Unha vez completa esta dilixencia e sempre que se solicite expresamente, os ditos orixinais serán devoltos á maior brevidade posible.

As facturas presentadas corresponderán ao ano 2010 ou 2011 segundo o exercicio ao que se impute o gasto. En todo caso, as que xustifiquen o anticipo deberán estar referidas de xeito indubidable a actuacións realizadas e efectivamente pagadas no ano 2010.

As facturas deberán traer o IVE desagregado.

c) No caso de que se contraten monitoras/es para a realización das actividades, a xustificación deste gasto farase por calquera das seguintes formas: se as actividades as desenvolven empresas externas e/ou profesionais autónomos/as, achegaranse facturas ou recibos de honorarios, onde consten, de forma detallada, as actividades desenvolvidas; no caso de que a entidade solicitante contrate directamente ao monitor/a das actividades, será necesario achegar as nóminas da persoa ou persoas contratadas, así como acreditar o ingreso en concepto de retención a conta do IRPF e os documentos xustificativos de ingreso dos seguros sociais.

d) Os tres orzamentos que, se é o caso, en aplicación do artigo 29.3º da Lei de subvencións de Galicia, deba ter solicitado a entidade beneficiaria.

e) Declaración complementaria do conxunto das axudas solicitadas, tanto as aprobadas ou concedidas, como as pendentes de resolución, das distintas administracións públicas competentes ou de calquera dos seus organismos, entes ou sociedades.

f) Declaración responsable de estar ao corrente das obrigas tributarias e coa Seguridade Social e de non ter pendente de pagamento ningunha débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma, de acordo co establecido no artigo 11 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

g) Declaración de que as actividades foron desenvolvidas en lingua galega, de ser o caso.

h) Copia do material impreso usado para a difusión das actividades subvencionadas, que incorporará, de forma visible, o logotipo do Fondo Social Europeo (FSE), o cal levará debaixo a seguinte inscrición: O Fondo Social Europeo inviste no teu futuro, e o logotipo da Xunta de Galicia, de acordo co establecido no artigo 13º.8 desta resolución.

5. Cando o importe dalgún xustificante non se impute totalmente á finalidade da subvención con-

cedida indicárase a contía exacta daquel que resulte afectado por esta.

6. Nos supostos en que o custo total definitivo do proxecto ou actividade sufra unha minoración respecto do que se tomou en consideración para calcular a subvención, ou cando a cantidade xustificada mediante documentos acreditativos do gasto (facturas, recibos, etc.) fose inferior á da axuda concedida, efectuarase a correspondente e proporcional diminución no montante da subvención.

7. Os departamentos territoriais da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, de atopar conforme a documentación xustificativa, proporán o pagamento do importe concedido ou do resultante da minoración determinada, conforme o número 6 deste artigo.

8. En ningún caso, o importe das subvencións concedidas ao abeiro desta resolución poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia coas concedidas por outras administracións ou entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, supere o custo total da actividade que vaia desenvolver a entidade beneficiaria.

9. A entidade beneficiaria ten a obriga de facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, o Tribunal de Contas, o Consello de Contas e o Tribunal de Contas Europeo, no exercicio das funcións de fiscalización e control do destino das axudas.

10. Transcorrido o prazo establecido neste artigo sen ter presentadas a correspondente xustificación requirírase a entidade para que no prazo improrrogable de 10 días a presente. A falta de presentación da xustificación no prazo anteriormente sinalado comportará a perda do dereito ao cobramento da subvención.

11. As entidades subvencionadas deberán presentar con anterioridade ao día 31 de decembro de 2011 unha memoria dos programas realizados con esta subvención xunto coas enquisas ás nais e pais do alumnado que participase nas actividades complementarias e/ou extraescolares.

Artigo 15º.-Modificación das resolucións de concesión das axudas.

Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención, e en todo caso, a obtención concorrente de subvencións ou axudas outorgadas por outras administracións ou entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, poderá dar lugar á modificación da resolución da subvención, tal e como se establece no artigo 17.4º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Artigo 16º.-Reintegro da axuda ou subvención.

Procederá o reintegro total ou parcial da subvención e dos xuros de mora devengados, segundo o disposto no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, nos seguintes casos:

a) Obtención da subvención falseando as condicións requiridas para iso ou ocultando aquelas que o impiden.

b) Incumprimento total ou parcial do obxectivo, da actividade ou do proxecto ou non adopción do comportamento que fundamentan a concesión da subvención.

c) Incumprimento da obriga de xustificación ou a xustificación insuficiente, nos termos establecidos nesta resolución.

d) Resistencia, escusa, obstrución ou negativa ás actuacións de comprobación e control financeiro previstas nos artigos 11 e 12 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, así como o incumprimento das obrigas contables, rexistras ou de conservación de documentos cando diso derive a imposibilidade de verificar o emprego dado aos fondos percibidos, o cumprimento do obxectivo, a realidade e regularidade das actividades subvencionadas, ou a concorrencia de subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera administración ou entes públicos ou privados, estatais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

e) Adopción, en virtude do establecido nos artigos 87 a 89 do Tratado da Unión Europea, dunha decisión da cal derive unha necesidade de reintegro.

O procedemento de reintegro tramitarase de acordo co establecido no artigo 38 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

As cantidades que deban reintegrarse terán a consideración de ingresos de dereito público, resultando de aplicación para o seu cobramento o previsto nos artigos 19 ao 23 da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia.

Artigo 17º.-*Publicidade.*

Segundo o artigo 15.1º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, os departamentos territoriais da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, publicarán no *Diario Oficial de Galicia*, as subvencións concedidas con expresión da convocatoria, o programa e o crédito orzamentario ao que se imputen, o/a beneficiario/a, a cantidade concedida e a finalidade ou finalidades da subvención. Así mesmo segundo o artigo 15.3º da Lei 9/2007, as entidades beneficiarias deberán dar a axeitada publicidade do carácter público do financiamento das actuacións que sexan obxecto de subvención, nos termos regulamentariamente establecidos.

Por outra banda, e de conformidade co artigo 13.4º da Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e de boas prácticas na administración pública galega, publicarase na páxina web oficial da Secretaría Xeral da Igualdade a relación das entidades beneficiarias e os importes das axudas concedidas, polo que a presentación da solicitude comporta de forma expresa a autorización para o tratamento necesario dos datos das entidades beneficiarias e da súa publicación na citada páxina web.

Finalmente, as entidades beneficiarias, coa presentación das solicitudes, autorizan á Secretaría Xeral da Igualdade, a incluír e facer público, nos rexistros de axudas, subvencións, convenios e de sancións, regulados no Decreto 132/2006, do 27 de

xullo, os datos relevantes referidos á axuda recibida así como ás sancións impostas.

Por estar a axuda cofinanciada polo FSE, na resolución de concesión informáraselle á entidade beneficiaria que a aceptación da axuda comunitaria implicará a súa aparición na lista pública cos nomes dos beneficiarios, das operacións, e a cantidade de fondos públicos asignada a cada operación que se publicará conforme o previsto no artigo 7.2º d) do Regulamento (CE) 1828/2006, da Comisión do 8 de decembro de 2006 (DOUE L/45, do 15-2-2007).

A reserva que a entidade solicitante poida facer no sentido de non autorizar a obtención de datos ou a publicidade de datos nos rexistros, que en todo caso terá que ser expresa, poderá dar lugar a exclusión do proceso de participación para obter a subvención ou, noutro caso, á revogación do acto de outorgamento e, se procede, ao reintegro do importe concedido.

Artigo 18º.-*Réxime sancionador.*

As entidades beneficiarias de subvencións atópanse suxeitas ao réxime de infraccións e sancións que en materia de subvencións establece o título IV da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Disposicións derradeiras

Primeira.-Apróbase a delegación de atribucións nos/as xefes/as dos departamentos territoriais da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, nos ámbitos competenciais respectivos, para resolver a concesión, denegación modificación das subvencións previstas nesta resolución, así como para autorizar e dispoñer os gastos, o recoñecemento das obrigas e a proposta dos pagamentos, e as relativas aos procedementos de reintegro sinaladas no título II da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Segunda.-En todo o non recollido nesta resolución aplicarase o disposto para esta materia na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o seu regulamento, e, supletoriamente, na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e no seu regulamento, o Real decreto 887/2006, do 21 de xullo.

Terceira.-Correspóndelle á Secretaría Xeral da Igualdade ditar as instrucións que sexan necesarias para o axeitado desenvolvemento e cumprimento desta convocatoria.

Cuarta.-Esta resolución entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 27 de agosto de 2010.

Marta González Vázquez
Secretaría xeral da Igualdade



XUNTA DE GALICIA
PRESIDENCIA
Secretaría Xeral da Igualdade

ANEXO I



FONDO SOCIAL EUROPEO
"O FSE inviste no seu futuro"

UNIÓN EUROPEA

PROCEDIMENTO AXUDAS ECONÓMICAS DESTINADAS AS ASOCIACIÓNS DE NAIS E PAIS PARA A REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES CON FIN DE FACILITAR A CONCILIACIÓN DA VIDA FAMILIAR E LABORAL	CÓDIGO DO PROCEDIMENTO SI449A	DOCUMENTO SOLICITUDE
--	---	--------------------------------

DATOS DE IDENTIFICACIÓN DA ENTIDADE SOLICITANTE E DA PERSOA REPRESENTANTE LEGAL

APELIDOS E NOME DA PERSOA REPRESENTANTE <input type="text"/>		DNI <input type="text"/>
CARGO <input type="text"/>		
NOME DA ENTIDADE <input type="text"/>		Nº IDENTIFICACIÓN FISCAL DA ENTIDADE <input type="text"/>
ENDEREZO <input type="text"/>		PROVINCIA <input type="text"/>
LOCALIDADE <input type="text"/>	CÓDIGO POSTAL <input type="text"/>	TELÉFONO <input type="text"/>
<input type="text"/>	FAX <input type="text"/>	CORREO ELECTRÓNICO <input type="text"/>

DATOS DA CONTA BANCARIA

CÓDIGO DO BANCO <input type="text"/>	CÓDIGO DA SUCURSAL <input type="text"/>	DÍXITOS DE CONTROL <input type="text"/>	CÓDIGO DA CONTA CORRENTE <input type="text"/>
---	--	--	--

DATOS DA SOLICITUDE

IMPORTE TOTAL DA ACTIVIDADE <input type="text"/>	IMPORTE COFINANCIADO POLA ENTIDADE <input type="text"/>	IMPORTE SOLICITADO <input type="text"/>
---	--	--

DECLARO que a entidade que represento reúne todos os requisitos da convocatoria.

ACEPTO o compromiso de sometemento ás normas da convocatoria e de facilitar a información e documentación que se solicita.

XUNTO a documentación exixida na convocatoria.

En cumprimento do disposto no artigo 5 da Lei orgánica 15/1999, de protección de datos de carácter persoal, infórmase de que os datos persoais recollidos nesta solicitude se incorporarán a un ficheiro, para o seu tratamento, coa finalidade da xestión deste procedemento. Vostede pode exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición previstos na lei, mediante un escrito dirixido a esta secretaría como responsable do ficheiro (o enderezo figura ao pé desta solicitude).

De conformidade cos números 3º e 4º do artigo 13 da Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e boas prácticas na Administración pública galega, e co previsto no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006, a Secretaría Xeral da Igualdade publicará no *Diario Oficial de Galicia* e na súa páxina web oficial a relación das entidades beneficiarias e o importe das axudas concedidas ao abeiro desta resolución, e incluírá igualmente as referidas axudas e as sancións que como consecuencia destas puidesen impoñerse, nos correspondentes rexistros públicos, polo que quen abaixo asina presta expresamente o seu consentimento para o tratamento necesario dos datos persoais das entidades beneficiarias e a referida publicidade.

LEXISLACIÓN APLICABLE <i>Resolución do 27 de agosto de 2010, da Secretaría Xeral da Igualdade, pola que se establecen as bases e se convocan axudas para a realización, polas asociacións de nais e pais do alumnado, nos centros educativos de Galicia sostidos con fondos públicos, de programas de actividades complementarias e extraescolares que teñan como fin facilitar a conciliación da vida familiar e laboral.</i>	(Para cubrir pola Administración) RECIBIDO <input type="text"/> REVISADO E CONFORME <input type="text"/>	NÚMERO DE EXPEDIENTE <input type="text"/> DATA DE ENTRADA <input type="text"/> DATA DE EFECTOS <input type="text"/> DATA DE SAÍDA <input type="text"/>
SINATURA DO/A SOLICITANTE OU PERSOA QUE O REPRESENTA <input type="text"/> , de de		

Xefe/a Territorial da consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza en

Servizo de Igualdade

ANEXO II

Don/Dona [] en calidade de secretaria da entidade [] con DNI []

Certifica:

1º.- Que a dita entidade figura inscrita no censo da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria co nº []

2º.- Que o nº total de nais e pais do centro educativo é [] e que á data de hoxe o nº de socios/as da ANPA solicitante é []

3º.- Que as actuacións levadas a cabo pola entidade para a conciliación a vida familiar e laboral nos anos anteriores foron as seguintes:

Identificación da actividade	Lugar e datos de realización	Nº de horas	Nº de participantes		Descrición do contido (Obxectivos, contidos impartidos e outros datos de interese)
			Nenas	Nenos	
[]	[]	[]	[]	[]	[]
[]	[]	[]	[]	[]	[]
[]	[]	[]	[]	[]	[]
[]	[]	[]	[]	[]	[]
[]	[]	[]	[]	[]	[]

Lugar e data

[] de [] de []

Asinado:

ANEXO III

MEMORIA EXPLICATIVA DA ACTIVIDADE

TIPO DE ACTIVIDADE: (SIÑALAR A QUE PROCEDA)					
<input type="checkbox"/> Artística	<input type="checkbox"/> Lúdica	<input type="checkbox"/> Cultural	<input type="checkbox"/> Deportiva	<input type="checkbox"/> Tecnolóxica	<input type="checkbox"/> Outras
DESCRIPCIÓN DA ACTIVIDADE: (EN TODO CASO DEBERÁ CONSTAR EXPRESAMENTE DE QUE MODO SE RECOLLEN NO SEU DESEÑO E DESENVOLVEMENTO OS REQUISITOS ESTABLECIDOS NA LETRA C) DO ARTIGO 3º)					
Nº DE HORAS	FRANXA HORARIA	Nº DE ALUMNOS/AS	IDADES	DATA INICIO	DATA FIN

Orzamento da actividade:

PREVISIÓN DE GASTOS	IMPORTE
Persoal: monitoras/es - cuidadores/as	
Material funxible para o desenvolvemento da actividade	
Outros gastos	
TOTAL GASTOS	

PREVISIÓN DE INGRESOS	IMPORTE
Subvención solicitada	
Outras subvencións	
Outros ingresos	
TOTAL INGRESOS	

O PERSOAL QUE DESENVOLVA ESTAS ACTIVIDADES TERÁ VINCULACIÓN ÚNICA E EXCLUSIVA COA ENTIDADE SOLICITANTE

Lugar e data

_____, de _____ de _____

Asinado:

ANEXO IV

Don/Dona con DNI nº

Secretaria/o da entidade

solicitante da axuda da Secretaría Xeral da Igualdade destinadas as asociacións de nais e pais para a realización de actividades complementarias e extraescolares co fin de facilitar a conciliación da vida familiar e laboral,

DECLARA, BAIXO A SUA RESPONSABILIDADE

Primeiro

Que a dita entidade no está incurso en ningún procedemento de reintegro ou sancionador iniciado como consecuencia de subvención ou axuda da mesma natureza outorgada pola Administración xeral da Xunta de Galicia ou dos seus organismos autónomos.

Segundo

Que os datos contidos nesta solicitude e nos documentos que se achegan son verdadeiros.

Terceiro

Que a dita entidade está ao corrente das obrigas tributarias e coa Seguridade Social e non ten pendente de pagamento ningunha débeda coa Administración pública da comunidade autónoma, de acordo co establecido no artigo 11 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Cuarto

Que autoriza a Secretaría Xeral da Igualdade para realizar as consultas necesarias de ficheiros públicos para os únicos efectos de comprobar a veracidade dos datos declarados.

Quinto

Que en todas as actividades subvencionadas se compromete á utilización dunha linguaxe non sexista.

Sexto

Compromiso de uso da lingua galega en todas as relacións coa administración autonómica e nas actividades e materiais obxecto da subvención:

SI NON

Lugar e data

_____, de _____ de _____

Asinado:

ANEXO V

Don/Dona con DNI

representante da entidade con NIF

solicitante da axuda económica da Secretaría Xeral da Igualdade destinada as asociacións de nais e pais para a realización de actividades complementarias e extraescolares co fin de facilitar a conciliación da vida familiar e laboral,

DECLARA, BAIXO A SÚA RESPONSABILIDADE:

Que a entidade que representa non está incurso nas prohibicións para obter a condición de beneficiaria de subvencións establecidas nos puntos 2º e 3º do artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Que non ten solicitadas ou concedidas outras axudas para o mesmo proxecto procedentes das distintas administracións públicas ou doutros entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais.

Que ten solicitadas ou concedidas as seguintes axudas para o mesmo fin:

ENTIDADE QUE CONCEDE	IMPORTE SOLICITADO	CANTIDADE CONCEDIDA
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>

Lugar e data

_____, de _____ de _____

Asinado:

